

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL-AGADER E A ASOCIACIÓN DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA POLO QUE SE RECOÑECE ESTA ASOCIACIÓN COMO ENTIDADE COLABORADORA DA AGADER PARA O CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DA LEI 11/2021, DO 14 DE MAIO, DE RECUPERACIÓN DA TERRA AGRARIA DE GALICIA.

REUNIDOS

Dunha parte, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), con CIF Q1500273F e sede na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, representada por José González Vázquez, na súa condición de presidente, en virtude do seu nomeamento como conselleiro do Medio Rural polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 181, do 7 de setembro), e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Agader do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

Doutra parte, Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia, con CIF G70170808 e sede en San Marcos, s/n 15318 Abegondo, representada por José Santiso Miramontes, na súa condición de presidente.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas para convir no nome das entidades que representan e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-Que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Agader), con CIF Q-1500273F, creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28





de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro). Segundo o artigo 6 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), a Agader é unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

Para acadar estes obxectivos, entre outras actuacións, correspóndelle levar a cabo as medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021. En particular, o artigo 7.1 c) desta lei establece que é competencia da **Agader "deseñar, programar e executar as medidas de recuperación e, en xeral, da xestión da terra agroforestal de Galicia a través dos instrumentos previstos nesta lei para tal fin"**.

SEGUNDO.- Que a Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro, creada no ano 2008 e con personalidade xurídica propia, que agrupa aos GDRs de Galicia. Segundo recolle o artigo 4 dos seus estatutos, **entre as finalidades da asociación están "favorecer o desenvolvemento dos territorios, coordinando as accións dos GDRs e facilitando o intercambio de información e experiencias entre distintas zonas e axentes do rural, fomentando as novas tecnoloxías e o traballo en rede"**. Coa súa actuación trátase de **potenciar o sector agrario e forestal, mellorando a produción e a comercialización destes sectores, apoiando as pequenas empresas e os servizos, e animando a participación da poboación local**. Para acadar estas finalidades, a Asociación de GDRs de Galicia pon en marcha iniciativas para frear o éxodo rural, así como para fomentar a





creación de emprego e a posta en valor de xeito sustentable dos recursos do medio rural.

TERCEIRO.- Que a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia ten por obxecto establecer o marco xeral para a xestión da terra agroforestal, a súa ordenación de usos, a prevención e a loita contra o seu abandono, o fomento da súa recuperación e a incorporación de persoas mozas á actividade agraria, co fin de garantir a sustentabilidade do sector agroforestal.

CUARTO.- Que o Capítulo II.-*Outros suxeitos* do Título I.-*Organización administrativa e suxeitos intervintes na xestión da terra agroforestal* da Lei 11/2021 regula, entre outros suxeitos que poden participar na xestión da terra agroforestal, as entidades colaboradoras da Agader. O artigo 17.1 da citada lei establece que esas entidades colaboradoras son aquelas entidades de carácter público ou privado que contribúen ao cumprimento dos obxectivos desta lei a través da cooperación coa dita axencia, mediante a realización, entre outras, de funcións de intermediación e acompañamento. E o artigo 17.2 da mesma lei sinala que poderán ter a condición de entidades colaboradoras, entre outras, os grupos de desenvolvemento rural.

QUINTO.- Que o artigo 18 da Lei 11/2021 dispón que a condición de entidade colaboradora adquirírase de acordo cos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, mediante a formalización do correspondente convenio de colaboración coa Agader, que precisará as funcións que son asumidas pola entidade, os requisitos que debe cumprir e facer cumprir e as medidas de comprobación e control que a Agader reservará para si sobre as funcións desenvoltas.

SEXTO.-O 13 de xullo de 2021 a Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural solicitou e recoñecemento como entidade colaboradora da Agader para desenvolver funcións do artigo 17.3 da Lei 11/2021, e o 30 de agosto de 2021 a directora xeral da Agader, por delegación do Consello de Dirección da Agader, de





conformidade cos artigos 17.2 e 18.1 da citada lei, aprobou que se tramite e se formalice o correspondente convenio de colaboración, mediante o que se recoñeza a Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural a condición de entidade colaboradora da Agader para desenvolver determinadas funcións do artigo 17.3 da Lei 11/2021.

De acordo co anterior, as entidades participantes acordan asinar o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é o seguinte:

- a) O recoñecemento como entidade colaboradora da Agader, no marco da Lei 11/2021, de recuperación da terra agraria de Galicia, da Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural (en diante, a entidade colaboradora).
- b) A regulación da colaboración entre a Agader e a entidade colaboradora, co fin de que esta entidade contribúa ao cumprimento dos obxectivos da citada Lei 11/2021.

SEGUNDA.- COMPROMISOS ASUMIDOS POLAS PARTES

Coa sinatura deste convenio, as partes asumen os seguintes compromisos:

- a) A entidade colaboradora realizará as seguintes funcións:
 - O acompañamento e a orientación ás persoas mozas que se incorporen á actividade agraria en materia de información, formación, análises técnicas e asesoramento xurídico.
 - O asesoramento e acompañamento a iniciativas de solicitude de polígonos agroforestais ou actuacións de xestión conxunta.





- A vixilancia sobre a posible existencia de terras en abandono ou infrautilización, e, en especial, a notificación desta circunstancia á correspondente xefatura territorial.

En relación ás citadas funcións, a entidade colaboradora poderá realizar as actuacións que faciliten a execución das funcións en que colabore coa Agader, en particular, as seguintes:

- Dar proxección e visibilidade ás actividades e accións a desenvolver, a través, por exemplo, da páxina web, das redes sociais e das publicacións da entidade colaboradora, así como das charlas, obradoiros e proxectos que organice ou nos que participe a entidade colaboradora.
- Asesoramento presencial, así como atención telefónica e on-line, ás persoas interesadas sobre a incorporación á actividade agraria e sobre as iniciativas de polígonos agroforestais. En relación a este tipo de actuación, a entidade colaboradora presentará un informe sobre a situación inicial e final de cada iniciativa sobre a que asesore.

b) A Agader realizará a compensación de gastos en que incorra a entidade colaboradora, segundo o previsto na cláusula terceira.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO

A Agader compensará os gastos en que incorra a Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural no exercicio das funcións previstas na cláusula terceira coa seguinte contribución financeira máxima:

- **Anualidade 2021: 20.000 €**
- **Anualidade 2022: 40.000 €**

Estes importes imputaranse á conta orzamentaria 14 A1 712A640.0 2021 00004 da Agader, dos orzamentos previstos para os anos 2021 e 2022.





CUARTA.- XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS

A entidade colaboradora xustificará diante de Agader os gastos derivados da realización das actuacións de colaboración, nos seguintes termos:

- a) Forma de presentación: a través do Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

- b) Prazo de presentación da documentación xustificativa: O prazo máximo para presentar a xustificación dos gastos causados no primeiro exercicio será o 30 de novembro. A esta xustificación poderán imputarse os gastos devengados dende a data de entrada en vigor do convenio ata esa data límite.
Prazo máximo para presentar a documentación xustificativa dos gastos causados no segundo exercicio será o 30 de novembro. A esta xustificación poderán imputarse os gastos devengados dende o 1 de decembro do primeiro exercicio ata esta data límite.

- c) Relación de documentación que debe presentarse, respecto de cada unha das anualidades:
 1. Informe pormenorizado asinado pola persoa representante da entidade colaboradora de todas as actuacións e gastos que orixine a execución. Incluirase un cadro-relación de gastos con indicación de cada un dos conceptos e datos identificativos, mes a que se refiran, importes correspondentes, porcentaxe de imputación e importe global, así como calquera outra que proceda. No caso dos gastos que, de acordo co prazo de execución ou do tempo de dedicación, só deban imputarse en parte ou cando a documentación xustificativa se refira a un período máis amplo de actividade, os importes deberán figurar debidamente identificados e calculados segundo a imputación parcial que corresponda.
 2. Certificado asinado pola persoa representante da entidade colaboradora, no que conste que esta entidade realizou a totalidade das actividades descritas no informe citado no punto anterior e que se cumpriron todas as obrigas derivadas do convenio.





3. Xustificantes dos gastos derivados:

- I. Nóminas, documentos relativos ás cotizacións en materia de Seguridade Social, declaracións tributarias, xunto cos correspondentes xustificantes das transferencias dos respectivos pagamentos.
- II. Facturas dos gastos nos que se incorra como consecuencia de subministracións ou servizos contratados e, de ser o caso, documentos relativos a declaracións tributarias, acompañados dos correspondentes xustificantes das transferencias dos respectivos pagamentos.

Non se admitirán como xustificación pagos en metálico.

4. Documentación técnica das actuacións realizadas en formato editable Libre Office, ou similar, e imaxes en formato .jpg, .jpeg, .tiff, .png ou .bmp. Información xeográfica en formato vectorial GDB ou Shape file e formato raster GeoTiff ou outro formato de imaxe cos arquivos correspondentes de xeorreferenciación.

Logo da revisión da documentación xustificativa, a Agader tramitará os pagos dos gastos debidamente xustificados con cargo aos importes previstos en cada anualidade.

Os ditos pagos financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que a entidade colaboradora obteña lucro ningún. Para estes efectos, a entidade colaboradora deberá presentar unha certificación na que se deixe constancia da non existencia de onerosidade/lucro.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a contribución económica diminuírase proporcionalmente.

Ademais do indicado, a entidade colaboradora deberá de facilitar a información que sexa requirida por AGADER, en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das cantidades.





QUINTA.- DURACIÓN E MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Este convenio entra en vigor o día da súa sinatura e a vixencia rematará o 31 de decembro de 2022. En calquera momento antes da finalización da vixencia, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Este convenio poderá modificarse en calquera momento por mutuo acordo das partes mediante a tramitación da correspondente addenda ou modificación.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para facilitar o cumprimento deste convenio, constitúese unha comisión de seguimento, que se ocupará de resolver os problemas de interpretación e cumprimento que poidan derivarse da execución do convenio.

Esta comisión estará formada por unha persoa en representación da Agader, designada pola persoa titular da Dirección Xeral da Agader, e outra en representación da entidade colaboradora, designada por quen represente a esta.

SÉTIMA.- CONFIDENCIALIDADE DOS DATOS

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como da Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e da garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa aplicación en materia de protección de datos.

Así mesmo Agader e a entidade colaboradora comprométese a manter unha estrita confidencialidade dos datos, incluídos os datos persoais, aos que poidan ter acceso en virtude deste convenio, sen que en ningún caso, poidan ser empregados para unha finalidade distinta á prevista no mesmo, e os mesmos non poderán ser





reproducidos, modificados, publicados e/ou divulgados a terceiros sen a previa autorización dos cedentes dos mesmos.

OITAVA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do convenio o mutuo acordo das partes, o transcurso do período de vixencia sen terse prorrogado, o incumprimento das obrigas que deriven del ou calquera alteración ou modificación substancial das circunstancias que motivaron a súa sinatura.

NOVENA.- RELACIÓN LABORAL ENTRE AS PARTES

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actuacións de colaboración e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste convenio. En consecuencia, a entidade colaboradora asumirá a posición de empresario ou contratante verbo de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

DÉCIMA.- XURISDICIÓN.

Este convenio de colaboración é de carácter administrativo e considérase excluído do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do art. 6.1 c) do mesmo.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.





DÉCIMO PRIMEIRA.- TRASPARENCIA DA ACTIVIDADE PÚBLICA

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das partes asinantes para que a Administración pública galega poida facer públicos os datos persoais e mailo resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

Este convenio será inscrito no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, e será obxecto de publicidade nos termos do artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente documento na data da sinatura dixital.

José González Vázquez

José Santiso Miramontes

Conselleiro do Medio Rural,
Presidente da Agader

Presidente da Asociación de
Grupos de Desenvolvemento
Rural de Galicia

